

PASOS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA SOCIEDADE PROFESIONAL

Paso 1º: Solicitud de certificados de colexiación no Colexio de Biólogos: A certificación expedida polo Colexio acreditará a condición de colexiado do socio, cos seus datos identificativos, o seu número de colexiado, así como a súa habilitación actual para o exercicio da profesión. (Art.7 b) da Lei de Sociedades Profesionais (BOE nº 65, de 16/III/07, pág. 11246; <http://www.boe.es/boe/dias/2007/03/16/pdfs/A11246-11251.pdf>).

Paso 2º: Formalización do contrato de sociedade profesional en escritura pública: Ten que formalizarse sempre en escritura pública ante notario o contrato de sociedade profesional (Art. 7.1 LSP) (Incluso as sociedades civís) (Art. 7.2). A escritura constitutiva recollerá as mencións e cumprirá os requisitos contemplados na normativa que regule a forma social adoptada e expresará:

a) A identificación dos outorgantes, expresando se son ou non socios profesionais.

- Son socios profesionais (art. 4.1):

1) As persoas físicas que reúnan os requisitos esixidos para o exercicio da actividade profesional que constitúe o obxecto social e que a exerzan no seo dela.

2) As sociedades profesionais debidamente inscritas nos respectivos colexios profesionais que participen en outra sociedade profesional.

- No poderán ser socios profesionais as persoas nas que conorra causa de incompatibilidade para o exercicio da profesión, e nas que se encontren inhabilitadas. (Art. 4.4)

- Capital social:

Os socios profesionais terán que ter como mínimo:

- O 75% do capital e dos dereitos de voto (SL, SA, ...), ou

- O 75% do patrimonio e do número de socios (SCP) (Art. 4.2)

b) O Colexio Profesional ao que pertencen os outorgantes e as circunstancias colexiais recollidas na certificación indicada no paso 1º.

c) A actividade ou actividades profesionais que constitúan o obxecto social.

- As sociedades profesionais unicamente poderán ter por obxecto o exercicio en común de actividades profesionais. (Art. 2)

- As sociedades profesionais poderán exercer varias actividades profesionais, sempre que seu desempeño non se teña declarado incompatible por norma de rango legal ou regulamentario. (Art. 3)

- Aos efectos da Lei de Sociedades Profesionais, é actividade profesional aquela que para seu desempeño se requira titulación universitaria oficial, ou titulación profesional que para o seu exercido sexa necesario acreditar unha titulación universitaria oficial, e a inscrición no correspondente Colexio Profesional. (Art. 1)

d) A identificación das persoas que se encarguen inicialmente da administración e representación, expresando a condición de socio profesional ou non de cada unha delas. (Art. 4.3) Deben ser socios profesionais:

- Alomenos as $\frac{3}{4}$ partes dos membros dos órganos de administración, no seu caso, das sociedades profesionais.

- O administrador único ou os conselleiros delegados.

Paso 3º: Inscrición da sociedade no Rexistro Mercantil: A escritura pública de constitución deberá ser inscrita no Rexistro Mercantil. Coa inscrición adquirirá a sociedade profesional personalidade xurídica. (Art. 8)

Paso 4º: Inscrición da sociedade no Rexistro de Sociedades do Colexio de Biólogos que corresponda ao seu domicilio:

(Art. 8.2) A inscrición da sociedade no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio de Biólogos deberá recoller:

- A denominación, razón social e enderezo da sociedade.

- Data e a recensión identificativa da escritura pública de constitución e o notario autorizante; duración da sociedade se fora constituída por tempo determinado.

- A actividade ou actividades profesionais que constitúan o obxecto social.

- Identificación dos socios profesionais e non profesionais e, en relación con aqueles, número de colexiado e Colexio Profesional de pertenza.

- Identificación das persoas que se encarguen da administración e representación, expresando a condición de socio profesional ou non de cada unha delas.

Paso 5º: Publicidade dos Rexistros a través de Internet:

A publicidade do contido da folla aberta a cada sociedade profesional no Rexistro Mercantil e no Rexistro de Sociedades Profesionais realizarase a través dun portal en Internet responsabilidade do Ministerio de Xustiza e da Xunta de Galicia, para o que o

Colexio remitirá periodicamente a ambas administracións as inscricións practicadas no seu Rexistro de Sociedades Profesionais. (Art. 8.5)

Paso 6º: Contratación dun seguro de responsabilidade civil: As sociedades profesionais deberán estipular un seguro que cubra a responsabilidade na que estas podan incurrir no exercicio da actividade ou actividades que constitúen o obxecto social (Art. 11.3).

SOCIEDADES CONSTITUÍDAS CON ANTERIORIDADE Á ENTRADA EN VIGOR DA LEI (16 DE XUÑO DE 2007)

As sociedades constituídas con anterioridade á entrada en vigor da Lei (16 de xuño de 2007), e as que lles fora aplicable a tenor do disposto no seu artigo 1.1, deberán adaptarse ás previsións da Lei e solicitar a súa inscrición, ou a adaptación no seu caso, no Rexistro Mercantil, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da Lei (antes do 16 de xuño de 2008). (Disposición transitoria primeira).

Tamén deberán solicitar a súa inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais do Colexio, no prazo máximo dun ano desde a súa constitución.